



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Martes, 20 de outubro de 2009
Taxa 0,94 € (IVE incluído)

SUMARIO

Páxs.

I. DISPOSICIÓN XERAIS

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

— Orde do 14 de outubro de 2009 pola que se incorporan novos procedementos ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

16.374

Ano XXVIII

Nº 205

Páxs.**II. AUTORIDADES E PERSOAL****b) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Resolución do 22 de setembro de 2009 pola que se nomean os membros que integran a Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia. 16.375

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Resolución do 28 de xullo de 2009, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se determina a composición das comisións de valoración establecidas nas ordes do 31 de decembro de 2008 (publicadas no *Diario Oficial de Galicia* número 11, do 16 de xaneiro de 2009) correspondentes ao procedemento administrativo IN520A e outro máis. 16.375

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Orde do 8 de outubro de 2009 pola que se convocan bolsas para a realización de estudos de especialización no ámbito da interpretación musical no ano académico 2009-2010. 16.377
- Orde do 14 de outubro de 2009 pola que se publica a relación de centros seleccionados para a realización de plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación en centros educativos para o curso escolar 2009-2010, convocados pola Orde do 24 de marzo de 2009. 16.382

**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR**

- Resolución do 30 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do acordo da comisión mixta paritaria do convenio colectivo da empresa *Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.*, relativo á aprobación das táboas salariais para o ano 2008 e 2009. 16.382

Páxs.**ACADEMIA GALEGA
DE SEGURIDADE PÚBLICA**

- Resolución do 14 de outubro de 2009 pola que se convoca un curso sobre procedemento sancionador en materia de tráfico. 16.384
- Resolución do 14 de outubro de 2009 pola que se convoca un curso sobre aspectos xurídicos e policiais relacionados coas alcoholemias. 16.385

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Resolución do 14 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisorias de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia, dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais. 16.387
- Resolución do 14 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade á corrección da Resolución do 29 de setembro de 2009 pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009. 16.387
- Resolución do 14 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade á corrección da Resolución do 29 de setembro de 2009 pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009. 16.388

| | <u>Páxs.</u> | | <u>Páxs.</u> |
|---|--------------|---|--------------|
| CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA | | | |
| — Anuncio do 13 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 17 de setembro de 2009, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, na especialidade de xaponés. | 16.388 | — Anuncio do 24 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, polo que se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Alfaro Pérez, M. Teresa e cincuenta e un máis). | 16.393 |
| CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR | | | |
| — Orde do 22 de setembro de 2009 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes nesta consellería. | 16.389 | — Anuncio do 24 de setembro de 2009, do recadador de zona da Coruña, polo que se relacionan dilixencias de embargo pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Albores Suárez, Rosa Ana e sesenta e seis máis). | 16.395 |
| SERVIZO GALEGO DE SAÚDE | | | |
| — Resolución do 22 de setembro de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal sanitario diplomado (coordinador de servizo de atención primaria). | 16.391 | — Anuncio do 24 de setembro de 2009, do recadador de zona de Ourense, polo que se relacionan procedementos de constrinximento pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (Álvarez Domínguez, Benito e cincuenta e cinco máis). | 16.396 |
| V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA | | | |
| XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA | | | |
| — Edicto (442/2009). | 16.391 | — Anuncio do 24 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, polo que se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Álvarez Martínez, Xosé Carlos e vinte e dous máis). | 16.398 |
| XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | | | |
| — Edicto (618/2007). | 16.392 | — Anuncio do 25 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Tributos, polo que se relacionan resolucións de recursos de reposición pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Martínez Padín, Francisco e outro máis). | 16.399 |
| — Edicto (619/2007). | 16.392 | — Anuncio do 28 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (<i>O Piñeiral, S.L.</i> e vinte máis). | 16.399 |
| — Edicto (613/2009). | 16.393 | — Anuncio do 29 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, polo que se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (<i>1943-Dongan, S.L.</i> e sesenta e tres máis). | 16.400 |
| VI. ANUNCIOS | | | |
| a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA | | | |
| CONSELLERÍA DE FACENDA | | | |
| — Corrección de erros.-Anuncio do 17 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Cabo Gómez, María Elena e cento trinta e tres máis). | 16.393 | — Anuncio do 30 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Sánchez Olle, Sergio e vinte e catro máis). | 16.402 |

| <u>Páxs.</u> | <u>Páxs.</u> |
|---|---|
| <p>— Anuncio do 1 de outubro de 2009, do recadador de zona de Vigo, polo que se relacionan dilixencias de embargo pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Adrián Villalba, Sergio e vinte e nove máis). 16.403</p> <p>— Anuncio do 6 de outubro de 2009, do recadador de zona de Ourense, polo que se relacionan procedementos de constrinximento pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (Pico Fernández, María Isabel e outro máis). 16.403</p> <p>— Anuncio do 6 de outubro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, polo que se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Abal López, Emilia e noventa e cinco máis). 16.404</p> <p>— Anuncio, do 7 de outubro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Domínguez Ledo, Isidoro e noventa máis). 16.406</p> <p>— Anuncio do 7 de outubro de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Mosquera López, Aurora e deza-seis máis). 16.409</p> <p>— Anuncio do 7 de outubro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, polo que se empraza o interesado que se sinala para ser notificado por comparecencia (Álvarez Rodríguez, José Luis). 16.409</p> | <p>— Resolución do 17 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Poio. (Expediente IN407A 09/728-4). 16.411</p> <p>— Resolución do 17 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Lalín. (Expediente IN407A 09/729-4). 16.411</p> <p>— Resolución do 17 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Cambados. (Expediente IN407A 09/730-4). 16.411</p> <p>— Resolución do 18 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Salvaterra de Miño. (Expediente IN407A 09/734-4). 16.412</p> <p>— Resolución do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Negreira. (Expediente IN407A 09/208). 16.412</p> <p>— Resolución do 22 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se declara de utilidade pública, en concreto, a instalación eléctrica no concello de Cesuras. (Expediente IN407A 08/187). 16.413</p> <p>— Resolución do 22 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Negreira. (Expediente IN407A 09/297). 16.414</p> <p>— Resolución do 22 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Padrón. (Expediente IN407A 09/302). 16.414</p> <p>— Resolución do 22 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Negreira. (Expediente IN407A 09/309). 16.415</p> |
| | |
| CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA | |
| <p>— Acordo do 8 de outubro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Arteixo. (Expediente IN407A 09/389). 16.410</p> <p>— Resolución do 17 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Agolada. (Expediente IN407A 09/726-4). 16.410</p> <p>— Resolución do 17 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Agolada. (Expediente IN407A 09/727-4). 16.410</p> | |

- Páxs.
- Resolución do 24 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no concello de Pontevedra. (Expediente IN407A 09/758-4). 16.415

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Resolución do 6 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, da contratación da obra de reforma do CEIP Virxe do Rocío de Vigo (Pontevedra). 16.416

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Resolución do 15 de setembro de 2009, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se inclúen no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia os restos de tres antigas fábricas de salgadura situadas na praia da Concha, na parroquia de Espasante, concello de Ortigueira. 16.417

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Resolución do 4 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se dispón a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da modificación do artigo 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade *Facenda de Vivendas, S. Coop. Galega* en liquidación. 16.418
- Resolución do 16 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se dispón a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da modificación do artigo 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade *B Dous de Vivendas, S. Coop. Galega*. 16.418

- Páxs.
- Resolución do 9 de outubro de 2009 pola que se anuncia a contratación, polo procedemento aberto multicriterio, para a adxudicación dos servizos de limpeza e vixilancia de diversos centros da provincia de Lugo. 16.418

- Edicto do 17 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, polo que se notifican diversas resolucións xestionadas neste departamento. 16.420

- Edicto do 21 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se notifican diversas resolucións xestionadas neste departamento. 16.421

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 1 de setembro de 2009 pola que se fai pública a adxudicación do contrato de mantemento de ascensores e escaleiras mecánicas, mediante procedemento aberto, multicriterio e tramitación ordinaria. 16.422

- Resolución do 2 de setembro de 2009 pola que se fai pública a adxudicación do contrato da subministración sucesiva de ácido graxo hiperosixenado, mediante procedemento aberto, multicriterio e tramitación ordinaria. 16.422

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA ESTRADA

- Anuncio de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal. 16.422

CONCELLO DE MIÑO

- Anuncio de licitación. 16.424

CONCELLO DE MOAÑA

- Anuncio. 16.424



DIARIO OFICIAL

de GALICIA

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracions Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70 - 881 99 90 15

Fax: 981 54 42 72

<http://www.xunta.es>

Correo electrónico: dog@xunta.es

INSS 1130-9229

Depósito legal C. 73-1982

IMPRIME

La Voz de Galicia, S.A.

Avda. da Prensa, 84-85. Polígono Industrial de Sabón
15142 Arteixo (A Coruña)

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 14 de outubro de 2009 pola que se incorporan novos procedementos ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, novos procedementos, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2.º e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e regúlase a atención ao cidadán.

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Inclúense no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os que está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e quedan, pois, habilitados cos efectos previstos no seu artigo 5.1º os procedementos que se recollen no anexo desta orde.

2. Os procedementos para a tramitación electrónica estarán dispoñibles no enderezo <http://www.xunta.es/servicios/>

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

IN421A.-Axudas para proxectos de enerxías renovables. Enerxía solar térmica.

IN421B.-Axudas para proxectos de enerxías renovables. Enerxía solar fotovoltaica illada.

IN421C.-Axudas para proxectos de enerxías renovables. Enerxía solar fotovoltaica conectada á rede.

IN421D.-Axudas para proxectos de enerxías renovables. Biomasa.

IN421E.-Axudas para proxectos de enerxías renovables. Biogás.

IN421F.-Axudas para proxectos de enerxías renovables. Enerxía eólica, minihidráulica e instalacións mixtas de xeración eléctrica.

IN417B.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Auditorías enerxéticas (AEI).

IN417C.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética (PEI).

IN417D.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Estudos xerais de mobilidade urbana sustentable (EPM).

IN417E.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Estudos de viabilidade de PMUS (VPM).

IN417F.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Plans de transporte para empresas (EPT).

IN417G.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Xestión frotas de transporte (XFT).

IN417H.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Rehabilitación envolvente térmica dos edificios existentes (ENV).

IN417I.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Mellora das instalacións térmicas edificios existentes (TER).

IN417J.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Mellora da iluminación interior edificios existentes (ILI).

IN417K.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Construción de novos edificios (CNE).

IN417L.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Auditorías enerxéticas sector servizos (AES).

IN417M.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Bombas de calor xeotérmicas (BCX).

IN417N.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Bombas de calor aire-aire/auga-auga (BCA).

IN417O.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Proxectos de mellora da eficacia enerxética das instalacións de potabilización, abastecemento e depuración de augas residuais (PAD).

IN417P.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Renovación das instalacións de iluminación públicas exterior/renovación de semáforos (ILES/SEM).

IN417Q.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Auditorías enerxéticas en iluminación pública exterior (AEP).

IN417R.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Auditorías enerxéticas en coxeracións (AEC).

IN417S.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Estudio de viabilidade coxeracións (EVC).

IN417T.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Proxecto de coxeración de pequena potencia (COX).

IN417U.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Axudas públicas á coxeración non industrial (CNI).

IN417V.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Auditorías enerxéticas e proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector pesqueiro (PES).

IN417W.-Axudas para aforro e eficiencia enerxética. Auditorías enerxéticas e investimentos de aforro e eficiencia enerxética (AGR).

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 22 de setembro de 2009 pola que se nomean os membros que integran a Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia.

Á Comisión de Heráldica, creada polo Decreto 258/1992, do 10 de setembro, como órgano consultivo da Xunta de Galicia, correspóndelle emitir informe vinculante nos procedementos de aprobación, modificación ou rehabilitación de brasóns ou bandeiras das entidades locais, así como as demais facultades que se lle atribúan regulamentariamente.

Mediante o Decreto 369/1998, do 10 de decembro, regúlanse a composición e funcións da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, co fin de adaptala á Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Este decreto foi modificado polo Decreto 73/2006, do 20 de abril, co fin de adaptalo á estrutura e aos departamentos da Xunta de Galicia.

O artigo 8 do Decreto 73/2006, do 20 de abril, regula a composición e o nomeamento dos membros da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia. De acordo coas letras a) e b) do citado decreto, correspóndelle ao/a conselleiro/a con competencia en materia de Administración local a designación do vicepresidente e de catro vogais da Comisión de Heráldica.

Correspóndelle á Federación Galega de Municipios e Provincias a designación dun dos vogais da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, de acordo coa letra c) do citado artigo 8 do Decreto 73/2006, do 20 de abril.

Consonte o parágrafo segundo do artigo 8.1º do Decreto 73/2006, do 20 de abril, o nomeamento de todos os membros que forman parte da Comisión de Heráldica será efectuado polo/a conselleiro/a con competencias na materia.

En virtude de todo o exposto,

DISPOÑO:

Nomear como membros da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia as persoas que a seguir se relacionan:

-Como vicepresidente da Comisión, Carlos Acuña Rubio, diplomado en xenealoxía, heráldica e nobiliaria.

-Como vogal, Eligio Rivas Quintas, doutor en filoloxía románica.

-Como vogal, Francisco Fariña Busto, licenciado en xeografía e historia.

-Como vogal, José García Oro, doutor en teoloxía, historia eclesiástica e filosofía e letras.

-Como vogal, Miguel Pereira Figueroa, licenciado en filosofía e letras.

-Como vogal, José Manuel García Iglesias, catedrático de historia da arte, designado pola asociación de municipios e provincias máis representativas no territorio da comunidade autónoma.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 28 de xullo de 2009, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se determina a composición das comisións de valoración establecidas nas ordes do 31 de decembro de 2008 (publicadas no Diario Oficial de Galicia número 11, do 16 de xaneiro de 2009) correspondentes ao procedemento administrativo IN520A e outro máis.

Mediante o Decreto 79/2009, do 19 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e polos decretos 82/2009 e 83/2009, do 21 de abril,

establécense os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e fíxase a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, respectivamente. A entrada en vigor dos citados decretos vai supor, de acordo cos principios de eficacia, austeridade e economía, unha redución da estrutura administrativa ata agora existente.

Do mesmo xeito, mediante o Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica asume as competencias de liderado das iniciativas en materia da sociedade da información, así como de fomento da innovación no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación.

Existen na actualidade diferentes ordes de subvencións convocadas na área de sociedade da información correspondentes ao exercicio de 2009 que, non alcanzando a fase de resolución, se atopan en fase de tramitación e a composición das comisións de valoración non se adapta aos requirimentos da nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Nesta situación atopamos dúas ordes do 31 de decembro de 2008 da extinta Consellería a Innovación e Industria, publicadas ambas no DOG do 16 de xaneiro de 2009, correspondentes aos procedementos administrativos IN520A e IN521C.

Resulta urxente, polo tanto, acometer as modificacións que sexan necesarias na composición das comisións de valoración reguladas nas devanditas ordes de convocatoria co fin de que, conforme os principios de eficacia e celeridade que deben inspirar a actuación e a organización administrativa, poida procederse á resolución das diferentes convocatorias.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como a disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e demais disposicións de aplicación xeral,

RESOLVO:

Primeiro.-Modificar a composición da comisión de valoración establecida na Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos investimentos das empresas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo IN520A), publicada no DOG do 16 de xaneiro de 2009 e convocada pola anterior Consellería de Innovación e

Industria, xa que se ve afectada pola nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, de xeito que os números 2 e 3 do artigo 9º das bases reguladoras da citada orde pasan a estar redactados como segue:

«2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidencia: a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

b) Dous vogais: o subdirector xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información e o xefe do Servizo de Xestión da Sociedade da Información.

c) Secretaría: un funcionario da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

3. Se, por calquera outra causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto designe o órgano competente para resolver».

Segundo.-Modificar a composición da comisión de valoración establecida na Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código de procedemento IN521C), publicada no DOG do 16 de xaneiro de 2009 e convocada pola anterior Consellería de Innovación e Industria, xa que se ve afectada pola nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, de xeito que os números 2 e 3 do artigo 10º das bases reguladoras da citada orde pasan a estar redactados como segue:

«2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidencia: a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

b) Dous vogais: o subdirector xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información e o xefe do Servizo de Xestión da Sociedade da Información.

c) Secretaría: un funcionario da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

3. Se, por calquera outra causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto designe o órgano competente para resolver».

Terceiro.-Todos os expedientes de subvención iniciados ao abeiro das ordes de convocatoria sinaladas

nos parágrafos anteriores, en trámite na Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que non alcanzasen a fase de resolución e notificación aos beneficiarios, remitiranse á correspondente comisión de valoración para que esta, coa nova composición establecida no artigo anterior, proceda ao seu estudo, informe e avaliación co obxecto da súa posterior resolución polo órgano competente para resolver.

Cuarto.-Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2009.

María del Mar Pereira Álvarez
Secretaria xeral de Modernización e Innovación
Tecnolóxica

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 8 de outubro de 2009 pola que se convocan bolsas para a realización de estudos de especialización no ámbito da interpretación musical no ano académico 2009-2010.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, engadindo que os estudos superiores de música teñen a condición de ensinanzas artísticas superiores.

Por outra parte, o artigo 58 da dita lei determina que os estudos de posgrao cursados nas ensinanzas artísticas conducirán a títulos equivalentes, para todos os efectos, aos títulos universitarios deste nivel educativo.

Nesta liña, as ensinanzas artísticas superiores deberán sumarse á progresiva harmonización dos sistemas de formación que exige a construción da nova estrutura educativa, iniciada en 1999 coa Declaración de Boloña e que prevé o horizonte de 2010/2011 para a plena consecución dos obxectivos de converxencia establecidos no denominado Espazo Europeo de Educación Superior.

En consecuencia, procede que por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria se establezan accións que favorezan o desenvolvemento de cursos de posgrao de interpretación musical coas máximas garantías de éxito e, ao mesmo tempo,

que sitúen estas ensinanzas ao mesmo nivel que as ensinanzas universitarias europeas, con que deben confluír nos eidos da creación, a interpretación e a investigación nesta materia.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas para a realización de estudos de especialización no ámbito da interpretación musical. Estas bolsas teñen como finalidade contribuir a lograr a máis alta capacitación profesional dentro do proceso de especialización de estudos dos titulados superiores nos conservatorios superiores de música de Galicia.

Artigo 2º.-*Beneficiarios/as.*

1. Poderán ser beneficiarios/as destas bolsas os titulados e tituladas superiores de especialidades instrumentais de música polos conservatorios superiores de música de Galicia que estean admitidos en niveis de posgrao ou cursos de especialización equivalentes para o curso 2009/2010 nalgún centro de estudos superiores de música.

2. Tamén poderán ser beneficiarios/as os alumnos e alumnas dos conservatorios superiores de música de Galicia que teñan pendente unicamente a superación do exame correspondente ao concerto de fin de carreira, sempre e cando estean admitidos en niveis de posgrao para o curso 2009/2010 nalgún centro de estudos superiores de música.

Artigo 3º.- *Orzamento.*

Para a concesión das bolsas destinarase un total de 50.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 45.04.422E.480.0, dos cales 40.000 euros serán por conta dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e os 10.000 euros restantes con cargo aos orzamentos do ano 2010. Este orzamento distribuirase en bolsas de ata 5.000 euros cada unha para cursar estudos durante o curso escolar 2009-2010.

Artigo 4º.-*Requisitos dos/as solicitantes.*

1. Ser menor de 26 anos no momento de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Estar admitido en niveis de posgrao para o curso 2009/2010 nalgún centro de estudos superiores de música. Considerando as características propias dos estudos de interpretación musical e tendo en conta o seu alto grao de especialización, así como os distintos modelos de formación que se imparten nas distintas institucións que ofertan ensinanzas espe-

cializadas de música no estranxeiro ou en España, tamén se poderán admitir, en función do interese do proxecto e da valía do candidato ou candidata, proxectos que non conduzan á obtención de títulos de posgrao.

3. Ter cursado os estudos superiores de música en calquera especialidade instrumental nalgún dos conservatorios superiores de música de Galicia e cumprir as condicións do artigo 2º desta orde.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes.

1. As solicitudes, segundo o modelo que se publica como anexo a esta orde, deberán presentarse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, por algunha das formas que se detallan a continuación:

a) No rexistro xeral da Xunta de Galicia, ou ben en calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

b) Nas oficinas de correos, en sobre aberto para que sexan datadas e seladas polo/a funcionario/a de correos antes de que proceda á súa certificación postal.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

2. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou documento equivalente.

b) Fotocopia compulsada do título superior de música na especialidade instrumental correspondente ou documento que legalmente o substitúa, agás os solicitantes que participen polo disposto no número 2 do artigo 2º.

c) Certificación académica oficial expedida polo conservatorio superior de música de Galicia en que realizou os estudos.

d) Documento acreditativo de estar admitido en niveis de posgrao ou cursos de especialización equivalentes para o curso 2009/2010 nalgún centro de estudos superiores de música.

e) Memoria explicativa do proxecto de estudos que se vai realizar dunha extensión non superior a 4 páxinas, formato DIN A-4, escritos por unha soa

cara a dobre espazo, cunha letra tipo Times New Roman, tamaño 12, na cal deberá constar o tipo de estudos que o/a solicitante proxecta realizar e o nivel académico da titulación a que aspira. O proxecto de estudos deberá constatar a relación directa dos estudos que se van realizar coa especialidade instrumental de cada solicitante, ademais dos obxectivos académicos que se pretenden acadar e o calendario de estudos.

f) Gravación recente do solicitante de 15 minutos de duración mínima e en formato DVD. Na portada deberá constar claramente o nome e apelidos do aspirante, a data da gravación, así como a relación de obras e autores.

g) Programa libre do concerto para a realización da proba práctica que se recolle no artigo 6 desta convocatoria, cunha duración estimada de 20 minutos na cal se indique claramente o título, o/a autor/a e a duración aproximada de cada obra.

h) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade ante as administracións públicas competentes, ou outros entes públicos.

i) Declaración responsable de que os/as beneficiarios/as non incumpren as condicións previstas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase unha lista de solicitudes admitidas e excluídas, sinalando as causas da exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos dos seus departamentos territoriais, nos dous conservatorios superiores de música de Galicia e na internet no seguinte enderezo: <http://www.edu.xunta.es/ea>

4. Os/as solicitantes disporán de dez días hábiles a partir da data de publicación da lista de solicitudes admitidas, para formular as alegacións que consideren oportunas. Valoradas as alegacións presentadas, notificaráselles aos interesados o lugar e a data para a realización da proba práctica ante a comisión de selección. Os/as aspirantes que non se presenten a esta proba quedarán automaticamente excluídos/as do proceso de selección.

Artigo 6º.-Selección de bolseiros/as.

1. A selección de bolseiros/as farase en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva. Aqueles solicitantes que, tras a presentación da documentación requirida, resultasen admitidos serán avaliados por unha comisión de expertos/as nomeados/as pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que elevará a súa proposta de adxudicación ao consellei-

ro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá o que proceda.

2. A selección realizarase en dúas fases:

a) Unha preselección de candidatos/as con base na nota media do expediente académico, na gravación enviada por eles/elas xunto coa solicitude, así como na memoria explicativa do seu proxecto. A comisión valorará a gravación de 1 a 10 puntos. A puntuación total desta fase será o resultado da media ponderada da valoración do expediente (40%), da memoria (20%), e da gravación (40%). Esta fase terá carácter eliminatorio e para superala será preciso acadar unha valoración igual ou superior a sete puntos.

b) Unha proba práctica de carácter público na cal deberán interpretar o programa de concerto presentado segundo o disposto no artigo 5º, número 2 g) desta orde, e que será avaliada pola mesma comisión cunha puntuación de 1 a 10. A comisión de selección elaborará unha proposta de adxudicación das bolsas e enviaralla ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá o que proceda.

c) No caso de que o número de aspirantes ás bolsas fose inferior ao número das que acorde conceder a comisión de expertos, esta poderá prescindir da realización da proba establecida na fase b) deste artigo e no punto 2 g) do artigo 5º.

3. A comisión de expertos está facultada para acordar e ditar os actos necesarios sobre os aspectos previstos nos artigos 2º e 3º desta orde.

Artigo 7º.-Resolución, publicación e pagamento das bolsas.

1. A resolución de concesión das bolsas, acordada nos extremos do artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es/ea>, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web. A dita resolución poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou

ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse desestimadas.

3. O bolseiro ou bolseira comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta orde mediante a presentación da seguinte documentación que deberá remitir á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (edificio San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela), no prazo de 10 días contados desde a publicación da resolución:

a) Aceptación ou renuncia á bolsa.

b) Declaración xurada de que non ten concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro ou bolseira ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado.

c) Xustificante bancario en que consten os datos da entidade e o código da conta na cal o beneficiario ou beneficiaria desexa que se lle faga efectivo o pagamento. Nesta conta, o beneficiario ou beneficiaria debe figurar necesariamente entre os titulares.

4. Transcorrido este prazo sen que se achegue a citada documentación, considerarase que o interesado ou interesada desistiu da súa petición e decaído o dereito á bolsa concedida.

5. As vacantes que se produzan serán substituídas de acordo coa lista de suplentes que se estableza na resolución de concesión.

6. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*; producirá efectos desestimatorios a falta de resolución.

7. O pagamento farase efectivo en dous prazos, a través de conta ou libreta de aforros aberta a nome da persoa beneficiaria. O primeiro pagamento, ata o máximo do 80% da bolsa concedida, correspondente aos gastos de matrícula, desprazamento, aloxamento e mantenza, farase efectivo no ano 2009 logo da publicación da resolución das axudas no *Diario Oficial de Galicia*. O segundo pagamento correspondente ao resto da bolsa, e ata un máximo do 20%, farase efectivo no ano 2010 logo de completar a actividade, para o que deberá presentar a corres-

pondente memoria da actividade. En ambos os dous casos os bolseiros ou bolseiras terán que presentar os xustificantes dos gastos correntes en que incorreron, nos termos previstos no artigo 51 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 8º.- *Incompatibilidades e obrigas dos bolseiros.*

1. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados que teñan a mesma finalidade, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro ou bolseira ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballos remunerados. De acordo co establecido no artigo 1.1º 3 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, estas bolsas están exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Os/as bolseiros/as están obrigados/as a realizar as actividades previstas no proxecto de estudos e cumprir os seus obxectivos con aproveitamento, para o cal deberán presentar unha memoria ao remate da estadía que xustifique as actividades realizadas e os estudos superados no período para o que está destinada a bolsa.

3. Os beneficiarios ou beneficiarias teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das bolsas, segundo dispón o artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia.

4. De acordo co artigo 11 d) da citada Lei 9/2007, os beneficiarios ou beneficiarias teñen a obriga de comunicarlle ao órgano competente a obtención doutras axudas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da bolsa.

5. O incumprimento por parte do bolseiro ou bolseira de calquera das condicións recollidas nesta orde e demais normas aplicables poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial polo beneficiario ou beneficiaria das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora que lle puidesen corresponder en cada caso, segundo o previsto nos artigos 14 e 33 da citada Lei 9/2007 e segundo o procedemento que prevé o artigo 77 do citado Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Disposicións adicionais

Primeira.-A presentación da solicitude da bolsa comportará a autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. A reserva que o peticionario ou peticionaria poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para poder obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Terceira.-Esta convocatoria poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar os actos e medidas necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN NO ÁMBITO DA INTERPRETACIÓN MUSICAL NO ANO ACADÉMICO 2009/2010 | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED314G | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

DATOS DO/DA SOLICITANTE

| | | | |
|-------------------|-------------------|------------|----------------------|
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | NIF |
| DATA DE NACEMENTO | ENDEREZO HABITUAL | | |
| CONCELLO | PROVINCIA | LOCALIDADE | CÓDIGO POSTAL |
| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | FAX | ENDEREZO ELECTRÓNICO |

DATOS BANCARIOS E CÓDIGO DA CONTA DO/DA SOLICITANTE

| | | | |
|----------|----------|------|-----------------|
| ENTIDADE | SUCURSAL | D.C. | NÚMERO DE CONTA |
|----------|----------|------|-----------------|

INFORMACIÓN ACADÉMICA

| | |
|---|----------------------------|
| CMUS SUPERIOR NO QUE CURSOU OU ESTÁ CURSANDO OS ESTUDOS | ESPECIALIDADE INSTRUMENTAL |
|---|----------------------------|

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- COPIA DO DNI DO/A SOLICITANTE OU DOCUMENTO EQUIVALENTE.
- CERTIFICACIÓN ACADÉMICA OFICIAL EXPEDIDA POLO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE GALICIA EN QUE REALIZOU OS ESTUDOS.
- DOCUMENTO ORIXINAL FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA ACREDITATIVO DA CONTA A NOME DO/A SOLICITANTE
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA NA ESPECIALIDADE INSTRUMENTAL CORRESPONDENTE OU DOCUMENTO QUE LEGALMENTE O SUBSTITÚA.
- DOCUMENTO ACREDITATIVO DE ESTAR ADMITIDO EN NIVEIS DE POSGRAO PARA O CURSO 2009/10, NALGÚN CENTRO DE ESTUDOS SUPERIORES DE MÚSICA.
- MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ESTUDOS QUE VAI REALIZAR.
- GRAVACIÓN EN FORMATO DVD.
- PROGRAMA LIBRE DO CONCERTO PARA A REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON INCORRER NOS SUPOSTOS PREVISTOS NOS PUNTOS 2 E 3 DO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA.

De conformidade cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 123/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

| | | |
|---|---|--|
| LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 8 de outubro de 2009 pola que se convocan bolsas para a realización de estudos de especialización no ámbito da interpretación musical no ano académico 2009/2010.</i> | (Para cubrir po la Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME | NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____ |
| SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE Lugar e data _____, de _____ de 20____ | | |

Orde do 14 de outubro de 2009 pola que se publica a relación de centros seleccionados para a realización de plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación en centros educativos para o curso escolar 2009-2010, convocados pola Orde do 24 de marzo de 2009.

A Orde do 24 de marzo de 2009 pola que se convoca a selección e renovación de plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación en centros educativos para o curso 2009-2010 establece o procedemento para a súa concesión.

De acordo co artigo 12 da citada orde, unha vez estudadas pola comisión de selección as solicitudes presentadas, feita a proposta provisional de resolución e vista a acta coa proposta definitiva da comisión de selección,

RESOLVO:

Primeiro.-Seleccionar para a realización de plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación en centros educativos para o curso escolar 2009-2010 os centros educativos que figuran no anexo a esta orde e conceder para a súa realización as contías que nel se recollen.

Segundo.-Contra a resolución publicada nesta orde poderase recorrer potestativamente mediante recurso de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, coas modificacións da Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO Centros seleccionados

| Código | Centro | Concello | Provincia | Orzamento concedido | Equivalencia en horas de formación profesorado |
|----------|--------------------------------------|-------------------------------|-----------|---------------------|--|
| 15005002 | IES Ramón Otero Pedrayo | A Coruña | A Coruña | 1.000 | 50 |
| 15025220 | CEIP de Ventín | Ames | A Coruña | 3.500 | 50 |
| 15000612 | CEIP de Arzúa | Arzúa | A Coruña | 3.060 | 50 |
| 15026194 | CEIP A Fraga | As Pontes de García Rodríguez | A Coruña | 4.000 | 50 |
| 15021500 | CEIP Santa Baia | Boiro | A Coruña | 3.975 | 50 |
| 15025633 | CPI Os Casais | Fene | A Coruña | 4.000 | 50 |
| 15027617 | CMUS Profesional de Música Xan Víaño | Ferrol | A Coruña | 4.000 | 50 |
| 15006742 | IES Concepción Arenal | Ferrol | A Coruña | 4.000 | 50 |
| 15021470 | IES Canido | Ferrol | A Coruña | 2.000 | 50 |
| 15008659 | CEIP de Pino de Val | Mazaricos | A Coruña | 4.000 | 50 |
| 15020854 | CPI de Xanceda | Mesía | A Coruña | 3.000 | 50 |
| 15024239 | CEIP dos Muñíos | Muxía | A Coruña | 1.000 | 50 |

| Código | Centro | Concello | Provincia | Orzamento concedido | Equivalencia en horas de formación profesorado |
|----------|--|----------------------|------------|---------------------|--|
| 15026455 | IES Terra de Trasancos | Narón | A Coruña | 2.600 | 50 |
| 15025268 | IES As Telleiras | Narón | A Coruña | 3.000 | 50 |
| 15023417 | CEP Pilar Maestu Sierra | A Pobra do Caramiñal | A Coruña | 4.000 | 50 |
| 15027848 | CRA Nosa Señora do Faro | Ponteceso | A Coruña | 4.000 | 50 |
| 15025682 | IES Fraga do Eume | Pontedeume | A Coruña | 4.000 | 50 |
| 15014738 | CPI dos Dices | Rois | A Coruña | 4.000 | 50 |
| 27014811 | IES Fontem Albei | A Fonsagrada | Lugo | 3.500 | 50 |
| 27002249 | CPI de Castroverde | Castroverde | Lugo | 2.400 | 50 |
| 27014008 | CPI Tino Grandío | Guntín | Lugo | 3.500 | 50 |
| 27006541 | IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes | Lugo | Lugo | 4.000 | 50 |
| 27016704 | IES Manuel Leiras Pulpeiro | Lugo | Lugo | 4.000 | 50 |
| 27012826 | CEIP Sta. María do Valadouro | O Valadouro | Lugo | 3.550 | 50 |
| 27015724 | CEIP Monseivane | Vilalba | Lugo | 4.000 | 50 |
| 32020781 | CEIP O Ruxidoiro | Barbadás | Ourense | 2.300 | 50 |
| 32003771 | CEIP Curros Enríquez | Celanova | Ourense | 2.200 | 50 |
| 32008793 | CEIP Manuel Luis Acuña | Ourense | Ourense | 2.350 | 50 |
| 32013661 | CEIP Bibeí | Viana do Bolo | Ourense | 2.300 | 50 |
| 36018501 | IES Monte Carrasco | Cangas | Pontevedra | 3.200 | 50 |
| 36001057 | CEIP do Hfo | Cangas | Pontevedra | 4.000 | 50 |
| 36004691 | CEIP de Coirón-Dena | Meaño | Pontevedra | 2.700 | 50 |
| 36020301 | IES de Meaño | Meaño | Pontevedra | 2.500 | 50 |
| 36015871 | CEIP de Meaño-As Covas | Meaño | Pontevedra | 4.000 | 50 |
| 36007199 | CEIP Isidora Riestra | Poio | Pontevedra | 3.900 | 50 |
| 36007497 | CEIP Nosa Sra. dos Remedios | Ponteareas | Pontevedra | 4.000 | 50 |
| 36019621 | ESUP Conservación e restauración de bens culturais | Pontevedra | Pontevedra | 4.000 | 50 |
| 36019517 | CEIP Santo André de Xeve | Pontevedra | Pontevedra | 3.000 | 50 |
| 36020349 | IES de Sanxenxo | Sanxenxo | Pontevedra | 4.000 | 50 |
| 36008805 | CEIP de Portonovo | Sanxexo | Pontevedra | 4.000 | 50 |
| 36024112 | CRA Mestra Clara Torres | Tui | Pontevedra | 3.200 | 50 |
| 36009846 | CEIP nº 1 | Tui | Pontevedra | 4.000 | 50 |
| 36019426 | IES Coruxo | Vigo | Pontevedra | 3.000 | 50 |
| 36011579 | IES A Guía | Vigo | Pontevedra | 1.900 | 50 |

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Resolución do 30 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión mixta paritaria do convenio colectivo da empresa Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A., relativo á aprobación das táboas salariais para o ano 2008 e 2009.

Visto o acordo polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2008 e 2009, así como os correspondentes complementos de nocturnidade e complementos de festivos, que subscribiu a comisión mixta paritaria do convenio colectivo de *Autoestradas de Galici-*

cia, *Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.*, na xuntanza celebrada o 29 de xaneiro de 2009, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta dirección xeral

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición da dita revisión salarial no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Tercero.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO I

Aprobación das táboas salariais e dos importes de complemento nocturno e de complemento de festivo definitivos do exercicio 2008

Sendo as 10.00 horas do 29 de xaneiro de 2009, iníciase sesión ordinaria da comisión mixta do convenio colectivo de *Autoestradas de Galicia, S.A.*, nas oficinas da compañía sitas na área de peaxe de Bidueira (AG-55).

En virtude da redacción dos artigos 6º, 21º e 25º do convenio colectivo de ámbito interprovincial de *Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria de la Xunta de Galicia, S.A.*, 2007-2010 (A-15508856), código de convenio 8200512, (en diante o convenio) recoñecéndose mutuamente capacidade e lexitimación suficiente, as partes que máis abaixo se citan, deciden aprobar por unanimidade os seguintes acordos:

Artigo 1º

Unha vez publicado polo Instituto Nacional de Estatística o IPC correspondente ao período decembro 2007-decembro 2008 (1,4%) e en aplicación do previsto nos artigos 21º, alínea B) e 25º, dado que a previsión de IPC utilizada no seu día (2%) resultou superior á porcentaxe acumulada no período de referencia, non procede ningunha actualización dos importes que configuran as táboas provisionais salariais, de complemento nocturno e de complemento de festivos vixentes con efectos desde el 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2008 e de aplicación en virtude do acordo desta comisión alcanzado o 15 de xaneiro de 2008, as cales, pasan a considerarse como definitivos para todos os efectos, para as categorías, conceptos e importes seguintes:

Táboa salarial 2008

| 2008 | Soldo base convenio | Compl. de traballo por quenda | Compl. de transporte | Compl. de vehículo | Quebranto de moneda | Total |
|------|---------------------|-------------------------------|----------------------|--------------------|---------------------|-----------|
| TXS | 16.082,34 | 0,00 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 17.430,02 |
| TXM | 15.676,99 | 0,00 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 17.024,66 |

| 2008 | Soldo base convenio | Compl. de traballo por quenda | Compl. de transporte | Compl. de vehículo | Quebranto de moneda | Total |
|---------------------------|---------------------|-------------------------------|----------------------|--------------------|---------------------|-----------|
| Oficial administrativo | 14.055,59 | 0,00 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 15.403,27 |
| Oficial técnico | 14.778,72 | 0,00 | 1.347,68 | 87,55 | 0,00 | 16.213,94 |
| Aux. administrativo | 12.572,01 | 0,00 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 13.919,68 |
| Aux. técnico | 12.572,01 | 0,00 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 13.919,68 |
| Cobrador de peaxe | 9.840,95 | 1.281,04 | 1.220,19 | 70,30 | 1.220,19 | 13.632,67 |
| Operador de comunicacións | 12.177,79 | 1.472,47 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 14.997,93 |
| Encargado | 15.184,08 | 0,00 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 16.531,76 |
| Xefe equipo | 13.157,34 | 0,00 | 1.347,68 | 87,55 | 0,00 | 14.592,57 |
| Oficial 1º mantemento | 12.583,13 | 490,82 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 14.421,63 |
| Oficial 2º mantemento | 12.177,79 | 490,82 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 14.016,28 |
| Peón especialista | 11.099,57 | 490,82 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 12.938,07 |
| Peón | 11.012,02 | 490,82 | 1.347,68 | 0,00 | 0,00 | 12.850,51 |

Complemento nocturno 2008: 1,495310 euros/hora.

Complemento de festivos e domingos 2008: 0,274700 euros/hora.

Artigo 2º

En aplicación do artigo 21º, alínea B) do convenio, para a suba salarial do exercicio 2009 considerárase a previsión de IPC recollida no artigo 22º, punto dous, Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, ademais das condicións que particularmente se especifican na precitada alínea B), de cuxa aplicación se deducen os conceptos, valores e importes que a continuación se relacionan:

Táboa salarial 2009

| 2009 | Soldo base convenio | Compl. de traballo por quenda | Compl. de transporte | Compl. de vehículo | Quebranto de moeda | Total |
|---------------------------|---------------------|-------------------------------|----------------------|--------------------|--------------------|-----------|
| TXS | 16.725,64 | 0,00 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 18.127,22 |
| TXM | 16.304,07 | 0,00 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 17.705,65 |
| Oficial administrativo | 14.617,81 | 0,00 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 16.019,40 |
| Oficial técnico | 15.369,86 | 0,00 | 1.401,58 | 91,05 | 0,00 | 16.862,50 |
| Aux. administrativo | 13.074,89 | 0,00 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 14.476,47 |
| Aux. técnico | 13.074,89 | 0,00 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 14.476,47 |
| Cobrador de peaxe | 10.234,59 | 1.319,47 | 1.220,19 | 70,30 | 1.220,19 | 14.064,74 |
| Operador de comunicacións | 12.664,90 | 1.531,37 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 15.597,85 |
| Encargado | 15.791,45 | 0,00 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 17.193,03 |
| Xefe equipo | 13.683,63 | 0,00 | 1.401,58 | 91,05 | 0,00 | 15.176,27 |
| Oficial 1º mantemento | 13.086,46 | 510,45 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 14.998,49 |
| Oficial 2º mantemento | 12.664,90 | 510,45 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 14.576,93 |
| Peón especialista | 11.543,55 | 510,45 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 13.455,59 |
| Peón | 11.452,50 | 510,45 | 1.401,58 | 0,00 | 0,00 | 13.364,53 |

Complemento nocturno 2009: 1,525216 euros/hora.

Complemento de festivos e domingos 2009: 0,274700 euros/hora.

Disposición derradeira

En aplicación do Real decreto 1040/1981, artigo 2º alínea E), acórdase apoderar a secretaria da comisión mixta, María Luz Veiras Nouche, para que proceda á notificación inmediata do contido desta acta á autoridade laboral competente, para efectos legais oportunos.

Sen outros asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 11.00 horas.

-Representantes da empresa na comisión mixta:
Constantino Castro Campos.
Director de Explotación.
DNI 32658076-P.

Alberto González Ferreiro.
Director de Administración.
DNI 32771236-P.

María Luz Veiras Nouche.
Xefa de Organización.
DNI 32792504-R.
Secretaria da comisión mixta.

-Representantes dos traballadores na comisión mixta:
Enrique Estella Ledo.
Representante dos traballadores pola provincia da Coruña.
DNI 30559070-M.

Álvaro Rodríguez Pérez.
Representante dos traballadores pola provincia de Pontevedra.
DNI 34962889-Z.

Juan Carlos Villasenín Grela.
Representante dos traballadores pola provincia da Coruña.
DNI 32780201-A.

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 14 de outubro de 2009 pola que se convoca un curso sobre procedemento sancionador en materia de tráfico.

Dentro das actividades programadas para o ano 2009, en virtude do convenio de formación asinado entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Deputación Provincial de Ourense, anúnciase a convocatoria dun curso sobre procedemento sancionador en materia de tráfico, conforme as seguintes bases:

1. Datos da actividade.

Denominación: procedemento sancionador en materia de tráfico

Tipo: curso.

Horas lectivas: 20.

Modalidade: presencial.

Obxectivos:

* Contribuír a actualizar e mellorar a formación profesional na área técnica dos membros da policía local das entidades locais da provincia, para que sexan capaces de abordar dun xeito óptimo a intervención policial.

* Ampliar os coñecementos dos asistentes sobre as pautas de actuación ante as distintas situacións pro-

blemáticas que se poden xerar no traballo e na operativa policial nos delitos vencellados co tráfico e a seguridade viaria.

* Dar a coñecer aos participantes as últimas novidades lexislativas e normativas relacionadas co procedemento sancionador e a seguridade viaria; así como as súas variables máis importantes.

* Dotar os policías locais dunha formación actualizada no terreo do tráfico e a seguridade viaria, de grande importancia funcional dentro dos seus cometidos profesionais.

* Asegurar o correcto tratamento da temática relativa ao tráfico e á seguridade viaria no tocante á regulamentación, documentación, sancións e procedemento sancionador.

* Tentar dotar os policías locais dun maior nivel de coñecementos, habilidades e destrezas adecuados ao perfil que a sociedade actual require e demanda dos corpos de seguridade.

Contido:

1. Procedemento sancionador e seguridade viaria. Novas propostas legais e procedementais.

2. Aspectos teóricos e prácticos básicos do procedemento sancionador

3. A iniciación e instrución do procedemento sancionador.

4. A resolución do procedemento sancionador.

2. Desenvolvemento da convocatoria.

Destinatarios/as: persoal dos corpos de policía local da provincia de Ourense, e de maneira complementaria os demais axentes das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Técnicos das entidades locais da provincia que, polo seu posto de traballo, estean vencellados coa materia obxecto de estudo no curso.

Prazas ofertadas: 30 prazas.

Publicación: esta actividade formativa, e tamén todas aquelas que se desenvolvan en colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP de Ourense.

3. Solicitudes de participación.

Praza de inscrición e presentación: o prazo de inscrición e presentación de solicitudes de participación rematará o día 9 de novembro de 2009.

O persoal que desexe participar nesta actividade cumprimentará a solicitude de participación que se encontra na páxina web da Agasp <http://agasp.xunta.es>, na alínea Actividades formativas, cursos con inscrición aberta, e remitirana telematicamente.

Esta mesma solicitude, unha vez remitida a través da web, deberá imprimila, asinala o/a solicitante e obter tamén a sinatura da autoridade do concello de que dependa, e enviala á Deputación Provincial de Ourense-Departamento de Formación Continua (fax: 988 38 52 15), rúa Progreso nº 30, 32003 Ourense; ou segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídi-

co das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Listaxe de solicitudes seleccionadas: o día 11 de novembro de 2009 publicarán tanto a Deputación Provincial de Ourense (Departamento de Formación Continua (teléfono: 988 38 51 42) como a Academia Galega de Seguridade Pública (no sitio web <http://agasp.xunta.es>), a lista das solicitudes de participación que resultaren seleccionadas.

Obrigas das persoas seleccionadas: as persoas que resulten seleccionadas teñen a obriga de participar no desenvolvemento da actividade, agás que comuniquen a súa imposibilidade de asistencia con, cando menos, 48 horas de antelación ao comezo desta. A dita renuncia deberase comunicar por escrito á Agasp, por correo electrónico ao enderezo formación.agasp@xunta.es ou por fax ao número 886 20 61 22.

Noutro caso serán excluídas automaticamente da selección para as dez seguintes actividades que se convoquen, para as que reúnan os requisitos exixidos de participación (artigos 18 e 21 do Regulamento de réxime interior da Agasp, en relación co artigo 46 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro).

4. Desenvolvemento da actividade.

Lugar: Centro Cultural da Deputación Provincial de Ourense sito na rúa Progreso nº 30.

Horario: das 16.30 ás 20.30 horas.

Data de comezo: 16 de novembro de 2009.

Data de remate: 20 de novembro de 2009.

Certificado de asistencia: ao remate da actividade entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada nela.

5. Baremación da actividade.

Para os efectos do previsto nos anexos II e III da Orde do 28 de xaneiro de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG do 2 de febreiro, esta actividade terá unha baremación de 0,300 puntos.

6. Dereitos e deberes do alumnado participante.

Durante o desenvolvemento da actividade ao alumnado seralle de aplicación, en canto aos dereitos e deberes, o previsto no Regulamento de réxime interior da Agasp, aprobado por Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 4 de febreiro de 2009 (DOG número 30, do 12 de febreiro).

7. Modificacións e incidencias.

Tanto a Academia Galega de Seguridade Pública como a Deputación Provincial de Ourense poderán modificar o desenvolvemento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 14 de outubro de 2009.

José Carlos García Bouzas
Director xeral da Academia Galega e Seguridade Pública

Resolución do 14 de outubro de 2009 pola que se convoca un curso sobre aspectos xurídicos e policiais relacionados coas alcoholemias.

Dentro das actividades programadas para o ano 2009, en virtude do convenio de formación asinado entre a Academia Galega de Seguridade Pública e a Deputación Provincial de Lugo, anúnciase a convocatoria dun curso sobre aspectos xurídicos e policiais relacionados coas alcoholemias, conforme as seguintes bases:

1. Datos da actividade.

Denominación: aspectos xurídicos e policiais relacionados coas alcoholemias.

Tipo: curso.

Horas lectivas: 20.

Modalidade: presencial.

Obxectivos:

-Análise técnico-xurídica e perspectiva diferencial dos casos de condución baixo os efectos de bebidas alcohólicas.

-Interese procesual das actuacións policiais e adecuación destas ás exixencias formais e regulamentarias.

-Estudo de casuística e elaboración de diferentes atestados que se poidan instruír por esta temática.

Contido:

1. Os delitos contra a seguridade viaria. Especial referencia aos casos de condución baixo os efectos de bebidas alcohólicas.

2. A instrución de atestados e dilixencias relacionados con este tema. Análise baixo criterios da súa incidencia procesual.

3. Casos prácticos: elaboración de distintos tipos de atestados segundo a abundante casuística operativa referida a esta cuestión. Discusión e traballo en grupos.

2. Desenvolvemento da convocatoria.

Destinatarios/as: persoal dos corpos de policía local da provincia de Lugo.

Prazas ofertadas: 30 prazas.

Publicación: esta actividade formativa, e tamén todas aquelas que se desenvolvan en colaboración coa Deputación Provincial de Lugo, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP de Lugo.

3. Solicitudes de participación.

Prazo de inscrición e presentación: o prazo de inscrición e presentación de solicitudes de participación rematará o día 9 de novembro de 2009.

O persoal que desexe participar nesta actividade deberá presentar, cuberta a máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo, asinada polo/a solicitante e obter tamén a sinatura da autoridade do concello de que dependa.

As instancias deberán enviarse á Deputación Provincial de Lugo-Área de Formación (fax: 982 26 01 69), rúa San Marcos, nº 8, 27001 Lugo; ou ben poden entre-

garse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Listaxe de solicitudes seleccionadas: o día 11 de novembro de 2009 publicarán, tanto a Deputación Provincial de Lugo, Área de Formación (teléfonos 982 26 00 64/982 26 00 65) como a Academia Galega de Seguridade Pública (no sitio web <http://agasp.xunta.es>), a lista das solicitudes de participación que resultaren seleccionadas.

Obrigas das persoas seleccionadas: as persoas que resulten seleccionadas teñen a obriga de participar no desenvolvemento da actividade, agás que comunicasen a súa imposibilidade de asistencia con, cando menos, 48 horas de antelación ao comezo desta. A dita renuncia deberase comunicar por escrito á Agasp, por correo electrónico ao enderezo formación.agasp@xunta.es ou por fax ao número 886 20 61 22.

Noutro caso serán excluídas automaticamente da selección para as dez seguintes actividades que se convoquen, para as que reúnan os requisitos exixidos de participación (artigos 18 e 21 do Regulamento de réxime interior da Agasp, en relación co artigo 46 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro).

4. Desenvolvemento da actividade.

Lugar: Área de Formación da Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos, 8.

Horario: das 16.00 ás 21.00 horas.

Data de comezo: 16 de novembro de 2009.

Data de remate: 19 de novembro de 2009.

Certificado de asistencia: ao remate da actividade entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada nela.

5. Baremación da actividade.

Para os efectos do previsto nos anexos II e III da Orde do 28 de xaneiro de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG do 2 de febreiro de 2009, esta actividade terá unha baremación de 0,300 puntos.

6. Dereitos e deberes do alumnado participante.

Durante o desenvolvemento da actividade ao alumnado seralle de aplicación, en canto aos dereitos e deberes, o previsto no Regulamento de réxime interior da Agasp, aprobado por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 4 de febreiro de 2009 (DOG núm. 30, do 12 de febreiro).

7. Modificacións e incidencias.

Tanto a Academia Galega de Seguridade Pública como a Deputación Provincial de Lugo poderán modificar o desenvolvemento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 14 de outubro de 2009.

José Carlos García Bouzas
Director xeral da Academia Galega
de Seguridade Pública

ANEXO

| | | | |
|---|-----------|---|-------------------|
| Curso/actividade | | CURSO SOBRE ASPECTOS XURÍDICOS E POLICIAIS RELACIONADOS COAS ALCOHOLEMIAS | |
| Número curso: | | | |
| Lugar: | | | |
| Data: | | | |
| DATOS DO SOLICITANTE | | | |
| NIF | Nome | Apelidos | Data de nacemento |
| Enderezo particular | | | |
| Rúa | Provincia | | Código postal |
| Concello | | | |
| Teléfono | Fax | Enderezo de correo electrónico | |
| Datos profesionais | | | |
| Corpo de pertenza | | | |
| Grupo de titulación | | | |
| Clase | | | |
| Ano de ingreso no corpo | | | |
| Situación administrativa | | | |
| Entidade | | | |
| DECLARACIÓN | | | |
| Declaro pola miña honra que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude. | | | |
| _____ / _____ (Sinatura do/a solicitante) | | | |
| INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU PERSOAL RESPONSABLE | | | |
| Vista a solicitude formulada polo interesado/a, faise constar que non existe inconveniente para a súa asistencia ao curso solicitado. | | | |
| _____ / _____ (Sinatura e selo da entidade) | | | |

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 14 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da Administración da Xunta de Galicia, dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais.

De conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo convocado pola orde da Consellería de Facenda do 25 de xuño de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 126, do 30 de xuño, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as listas provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a promoción á escala de axentes facultativos ambientais da administración da Xunta de Galicia, dos funcionarios/as do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, escala de axentes forestais.

A lista de aspirantes admitidos poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Facenda, nos dos seus departamentos territoriais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

A lista de aspirantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendaren o defecto que motivou a exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos motivo de exclusión serán definitivamente excluídos.

Así mesmo, os aspirantes que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos dispo-

rán do mesmo prazo co obxecto de formular reclamación.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

José M^a Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

| Apelidos e nome | NIF | Quenda | Motivo |
|----------------------------|------------|-------------------|--------|
| Bara Torres, Víctor Manuel | 35319590-P | Promoción interna | 15 |

| Código | Motivo da exclusión |
|--------|---|
| 15 | Documento xustificativo exención taxas non cotexado |

Resolución do 14 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade á corrección da Resolución do 29 de setembro de 2009 pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

Unha vez advertidos erros materiais nas relacións definitivas de admitidos e excluídos do proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, publicadas pola Resolución do 29 de setembro de 2009 (DOG nº 194, do 2 de outubro), esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Incluír na relación definitiva de aspirantes admitidos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, as seguintes aspirantes:

| NIF | Apelidos e nome | Quenda |
|------------|---------------------------|--------|
| 76900378-Q | Martínez da Costa, Vanesa | Libre |
| 35296613-P | Faílde Granja, María Luz | Libre |

Segundo.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as/os aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na

Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 14 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade á corrección da Resolución do 29 de setembro de 2009 pola que se aproban e se fan públicas as listaxes definitivas de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

Unha vez advertidos erros materiais nas relacións definitivas de admitidos e excluídos do proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, publicadas pola Resolución do 29 de setembro de 2009 (DOG nº 194, do 2 de outubro), esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Excluír da relación definitiva de aspirantes admitidos ao proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, a seguinte aspirante:

| NIF | Apelidos e nome | Quenda |
|------------|---------------------------|--------|
| 76900378-Q | Martínez da Costa, Vanesa | Libre |

Segundo.-Excluír da relación definitiva de aspirantes excluídos e incluíla na relación definitiva de aspirantes admitidos ao dito proceso selectivo a seguinte aspirante:

| NIF | Apelidos e nome | Quenda |
|------------|--------------------------------------|---------|
| 53117652-A | García Rosales, María de los Ángeles | Discap. |

Terceiro.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as/os aspirantes poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Anuncio do 13 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 17 de setembro de 2009, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, na especialidade de xaponés.

Rematado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es> profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas na especialidade de xaponés.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

| Apelidos e nome | DNI | Causa |
|-----------------------------|------------|-------|
| Álvarez Martínez, Gabriel | 44487630-H | 3 |
| Granja Fociños, Mª Paz | 76813060-Y | 3 |
| Hoshikawa, Taeko | X4107826A | 2 |
| Imai, Mona | X1216345J | 4 |
| Koiso, Mayumi | X2450599H | 3 |
| Maseda Muño, Francisco | 33542228-V | 3 |
| Rodríguez Álvarez, Cristina | 76727079-E | 3 |
| Ruíz Rodríguez, César | 20213757 | 3 |
| Villamarín Fraga, Begoña | 76998333-Z | 1 |
| Wo, Lili | X2633537Z | 2 |
| Yoshida, Erikamie | X9775025W | 2 |

Causas exclusión:

1. Non xustifica a especialidade de xaponés.
2. Titulación sen homologar.
3. Non xustifica nivel avanzado de xaponés.
4. Non reúne os requisitos de titulación.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 22 de setembro de 2009 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do mesmo decreto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para os postos de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificio administrativo de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), nos seus departamentos territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirle á petición un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde un/unha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme ao artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderán declararse desertos os postos de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior está na mesma localidade do novo destino, e dun mes, se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data na que se comunice a resolución do traslado á

comunidade autónoma, para o caso de funcionarios/as doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Traballo e Benestar, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO I

Denominación do posto: Subdirector/a Xeral de Programas.

Código: VP.403.00.001.15770.001.

Nivel:30.

Dependencia: Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Localidade: Santiago de Compostela.

Grupo: A1.

Corpo/escala: xeral.

C. Espec.: 21.320,17 euros.

Adscrición administracións públicas: A11 (adscrición indistinta a funcionarios/as da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración de comunidades autónomas).

Formación específica: 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego -requisito indispensable-).

Denominación do posto: Subdirector/a Xeral de Promoción de Actividades.

Código: VP.403.00.002.15770.001.

Nivel: 30.

Dependencia: Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Localidade: Santiago de Compostela.

Grupo: A1.

Corpo/escala: xeral.

C. Espec.: 21.320,17 euros.

Adscrición administracións públicas: A11 (adscrición indistinta a funcionarios/as da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración de comunidades autónomas).

Formación específica: 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego -requisito indispensable-).

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

| | | | | | |
|-----------------------|--|-------------------|--------------------------------|------------|------------|
| Primeiro apelido | | Segundo apelido | | Nome | |
| DNI | | Data de nacemento | Corpo ou escala a que pertence | Grupo | Nº de R.P. |
| Domicilio, rúa e nº | | Provincia | Localidade | Teléfono | |
| DESTINO ACTUAL | | | | | |
| Consellería | | | Dependencia | Localidade | |

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde, ao considerar que reúno os requisitos exixidos para tomar parte, para o posto de traballo que se indica:

| | | | |
|----------------------------------|------------------|--|------------|
| Designación do posto de traballo | Nivel c. destino | Centro directivo ou unidade de que depende | Localidade |
| | | | |

Tempo de servizos prestados

| | | | |
|------------------------|------|-------|------|
| No corpo actual | Anos | Meses | Días |
| | | | |

| | | | |
|------------------------------------|------|-------|------|
| Noutros corpos | Anos | Meses | Días |
| | | | |
| No actual posto de traballo | | | |

| | | | |
|----------------------------|------|-------|------|
| Outros destinos anteriores | Anos | Meses | Días |
| | | | |

Títulos académicos

.....

.....

.....

| | | | |
|------------------------------|------|---------|---------|
d) Poderanse consultar e/ou obter os pregos así como a información correspondente a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?N=12931>.

7. Presentación das ofertas.

a) Prazo de presentación: as proposicións presentaranse no prazo de vinte e seis (26) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Hora límite de presentación: ata as 14.00 horas do último día de presentación das proposicións.

c) Documentación que hai que presentar: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Lugar de presentación:

i) Entidade: rexistro xeral da Xunta de Galicia ou por correo.

Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (881 99 91 49) no mesmo día.

ii) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

8. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela.

c) Data e hora: a apertura das proposicións efectuarase o décimo día hábil ás 10.00 horas, contado desde o día seguinte o de remate do prazo de presentación de proposicións a non ser que o último día fose sábado ou inhábil, caso en que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

9. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2009.

José Luis Vázquez Fernández
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Resolución do 15 de setembro de 2009, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se inclúen no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia os restos de tres antigas fábricas de salgadura situadas na praia da Concha, na parroquia de Espasante, concello de Ortigueira.

Os restos das antigas fábricas de salgadura de Espasante, coñecidas cos nomes de Cantonal, Barquiñas e Piñeiro, constitúen o expoñente dun pasado industrial non moi afastado que merece ser conservado como testemuña histórica das actividades industriais derivadas do mar, e poden ser considerados como de interese relevante para a permanencia da cultura galega a través do tempo.

Trátase dun conxunto industrial composto por tres fábricas de salgadura que posúe un valor patrimonial innegable. Aínda que desde un punto de vista histórico estas construcións semellan ser algo serodias respecto do momento álxido das fábricas de salgadura (pois poden datarse no paso do século XIX ao XX), posúen un valor que as singulariza, que é o de conservar no tempo os modos tradicionais galegos de produción colectiva, que hoxe adxectivamos como industrial. Ata os derradeiros anos do século XIX manteñen, polo menos dúas delas, o sistema de quiñón, ou aquel en que os traballadores son parceiros da sociedade mercantil e cobran en función do que esta produce. Aparecen así, como propietarios e, ao tempo, como labradores ou pescadores, con participacións na sociedade de contía ben diferente á dos fomentadores ou industriais, evidenciando o sistema de repartición do quinto e terzo, presente tamén no sistema de herdanza ancestral galego. Desde este punto de vista cabe sinalar que polo menos en dúas das fábricas (a de Cantonal e a de Barquiñas) cristaliza o sistema tradicional galego de repartición do traballo en sociedades, destinado á produción de excedente (ou comercial) e, por tanto, diferente do sistema autárquico propio dos grupos familiares. Nestas fábricas varias familias do lugar achegan diversos valores: uns os terreos e o diñeiro preciso e outros o traballo e a habelencia. Posúen, por tanto un valor tradicional etnográfico, de natureza inmaterial. Neste senso, cómpre salientar tamén a súa integración e relación funcional co mar, o que lle engade un valor paisaxístico ao conxunto.

Ben que se descoñece en detalle o estado de conservación e a presenza ou ausencia dos elementos constituíntes destas fábricas, sábese que conservan os obxectos e artefactos de pesca. Os espazos e a súa articulación seguen a estar, en gran medida (sobre todo na de Cantonal e na de Barquiñas) como na época do seu funcionamento. Estas construcións e alfaias fan parte tamén do patrimonio cultural etnográfico, de natureza material.

A carón destes valores etnográficos cómpre ter en conta o estipulado nos artigos 64 e 66 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, que establece para os bens inmoebles de carácter industrial o que segue: «a todos os bens de carácter etnográfico que constitúan restos físicos do pasado tecnolóxico, produtivo e industrial galego que sexan susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica seralles aplicable o disposto nesta lei para o patrimonio arqueolóxico». Pertencen, xa que logo, ao que se denomina arqueoloxía industrial.

Por último, débese lembrar que no contorno inmediato existe un xacigo castrexo visitable, o castro de Punta dos Prados, que posúe, así mesmo, un elemento senlleiro como é o denominado monumento con forno e que actúa de modo sinérxico con estas fábricas desde o punto de vista patrimonial. Tamén é evidente que estas edificacións son arquitecturas históricas que amosan unha tipoloxía específica como é a das fábricas de salgadura e, ao tempo, presentan peculiaridades interesantes, maiormente no caso da de Barquiñas.

Así mesmo, verifícase que estas fábricas están nun estado de conservación que, aínda que desigual, permite a súa reintegración nos tempos de hoxe, con outros usos diferentes aos orixinais. Son capaces de transmitir información patrimonial mediante a súa simple contemplación, é a súa presenza na paisaxe a que actúa de canle comunicativa que transfere ao observador unha mensaxe de natureza patrimonial; xa que logo, o mantemento e transmisión ás xeracións vindeiras desta característica comunicativa pasa pola conservación dos elementos e pola súa posterior restauración e reintegración, de xeito que estes valores se transmitan correctamente e que non se produza no proceso unha distorsión que modifique substancialmente a mensaxe patrimonial inicial.

Por todo o que antecede, cómpre concluír que as fábricas posúen un valemto cultural de natureza etnográfica, arqueolóxica e arquitectónica e tamén, pola súa localización espacial e a súa natureza construtiva, a capacidade de transmitir estes valores ao observador mediante a súa contemplación; xa que logo, deben ser conservadas e reintegradas no devir do tempo presente.

Á vista do exposto, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, logo do informe dos seus servizos técnicos e en virtude do disposto polo título I da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, así como polo Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas de pertinente aplicación, resolveu, con data do 24 de xuño de 2009, incoar o expediente de inclusión dos inmoebles de referencia no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

O expediente foi sometido a información pública por espazo dun mes sen que fosen presentadas alegacións. Consecuentemente, cómpre proceder á súa resolución definitiva, conforme o disposto no artigo 15 do Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

Por tanto, en aplicación do disposto pola Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, o Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas de pertinente aplicación, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

RESOLVE:

Incluír no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia os restos de tres antigas fábricas de salgadura situadas na praia da Concha, na parroquia de Espasante, concello de Ortigueira.

Esta resolución será notificada aos interesados no procedemento e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. Esta resolución non pon fin á vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura e Turismo no prazo dun mes contado desde a súa notificación.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2009.

José Manuel Rey Pichel
Director xeral do Patrimonio Cultural

**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR**

Resolución do 4 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da modificación do artigo 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade Facenda de Vivendas, S. Coop. Galega en liquidación.

O artigo 74 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e o Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de cooperativas de Galicia, no seu artigo 53 establece a obrigatoriedade da publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da modificación do artigo 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade *Facenda de Vivendas S. Coop. Galega* en liquida-

ción, que para a ser rúa de Melide nº 41, soto, 15705 Santiago de Compostela.

RESOLVO:

Dispoñer a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da modificación do artigo 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade *Facenda de Vivendas S. Coop. Galega* en liquidación, que pasa a ser rúa de Melide nº 41, soto, 15705 Santiago de Compostela.

A Coruña, 4 de setembro de 2009.

Luis Alberto Álvarez Freijido
Xefe territorial da Coruña

Resolución do 16 de setembro de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da modificación do artigo 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade B Dous de Viviendas, S. Coop. Galega.

O artigo 74 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e o Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de cooperativas de Galicia, no seu artigo 53 establece a obrigatoriedade da publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da modificación do artigo 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade *B Dous de Viviendas, S. Coop. Galega*, que pasa a ser praza Horta de Abaixo nº 2, baixo 3, Bertamiráns, Ames.

RESOLVO:

Dispoñer a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da modificación do artigo nº 2 dos estatutos: Cambio domicilio social da entidade *B Dous de Viviendas, S. Coop. Galega*, que pasa a ser praza Horta de Abaixo nº 2, baixo 3, Bertamiráns, Ames.

A Coruña, 16 de setembro de 2009.

Luis Alberto Álvarez Freijido
Xefe territorial da Coruña

Resolución do 9 de outubro de 2009 pola que se anuncia a contratación, polo procedemento aberto multicriterio, para a adxudicación dos servizos de limpeza e vixilancia de diversos centros da provincia de Lugo.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Traballo e Benestar.

b) Dependencia que tramita o expediente: Departamento Territorial de Lugo.

c) Obtención de documentación e información:

1. Dependencia: Departamento Territorial de Lugo.

2. Enderezo: rolda da Muralla, 70-baixo.

3. Localidade e código postal: Lugo 27071.

4. Teléfono: 982 29 41 01.

5. Fax: 982 29 49 74.

6. Enderezo da internet do perfil do contratante: www.contratosdeg Galicia.es

7. Data límite da obtención da documentación e información: ata a data límite de presentación das ofertas.

d) Numeros de expediente: 61/09, 62/09, 63/09 e 64/09.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo: servizos.

b) Descrición:

Expediente 61/09.-Contratación do servizo de limpeza das oficinas de emprego da provincia de Lugo.

Expediente 62/09.-Contratación do servizo de limpeza do Centro de Formación Profesional Ocupacional de Montirón (Lugo).

Expediente 63/09.-Contratación do servizo de limpeza do Centro de Formación Profesional Ocupacional de Viveiro.

Expediente 64/09.-Contratación do servizo de vixilancia do Centro de Menores Santo Anxo da Garda de Rábade.

c) División por lotes e número de lotes: non.

d) Lugar de execución:

Expediente 61/09.-Oficinas de emprego da provincia de Lugo.

Expediente 62/09.-Centro de Formación Profesional Ocupacional de Montirón (Lugo).

Expediente 63/09.-Centro de Formación Profesional Ocupacional de Viveiro.

Expediente 64/09.-Centro de Menores Santo Anxo da Garda de Rábade.

e) Prazo de execución:

Expedientes 61/09, 62/09 e 63/09.-3 anos.

Expediente 64/09.-2 anos.

f) Admisión de prórroga:

Expedientes 61/09, 62/09 e 63/09.-Non admiten prórroga.

Expediente 64/09.-Prorrogable 2 anos.

g) CPV (referencia de nomenclatura):

Expedientes 61/09, 62/09 e 63/09.-90911200-8.

Expediente 64/09.-79714000-2.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Criterios de adxudicación: ver os pregos.

4. Orzamento de licitación.

Expediente 61/09.-Contratación do servizo de limpeza das oficinas de emprego da provincia de Lugo.

Importe neto: douscentos cinco mil euros con oitenta e seis céntimos (205.000,86 euros).

IVE (16%): trinta e dous mil oitocentos euros con catorce céntimos (32.800,14 euros).

Importe total: douscentos trinta e sete mil oitocentos un euros (237.801 euros).

Expediente 62/09.-Contratación do servizo de limpeza do Centro de Formación Profesional Ocupacional de Montirón (Lugo).

Importe neto: cento corenta mil catrocentos noventa e cinco euros con sesenta e nove céntimos (140.495,69 euros).

IVE (16%): vinte e dous mil catrocentos setenta e nove euros con trinta e un céntimos (22.479,31 euros).

Importe total: cento sesenta e dous mil novecentos setenta e cinco euros (162.975 euros).

Expediente 63/09.-Contratación do servizo de limpeza do Centro de Formación Profesional Ocupacional de Viveiro.

Importe neto: cincuenta e seis mil cento noventa e tres euros con dez céntimos (56.193,10 euros).

IVE (16%): oito mil novecentos noventa euros con noventa céntimos (8.990,90 euros).

Importe total: sesenta e cinco mil cento cincuenta e catro euros (65.154 euros).

Expediente 64/09.-Contratación do servizo de vixilancia do Centro de Menores Santo Anxo da Garda de Rábade.

Importe neto: cincocentos dezasete mil douscentos corenta e un euros con trinta e oito céntimos (517.241,38 euros).

IVE (16%): oitenta e dous mil setecentos cincuenta e oito euros con sesenta e dous céntimos (82.758,62 euros).

Importe total: seiscentos mil euros (600.000 euros).

5. Garantías exixidas:

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: 5% do importe da adxudicación, IVE excluído.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: grupo M, subgrupo 2, categoría C para o expediente 64/09, nos demais casos non se exige clasificación.

b) Solvencia económica e financeira e técnica ou profesional: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

7. Presentación de ofertas e de solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Modalidade de presentación: as ofertas pódense presentar en man ou por correo na forma indicada no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia: rexistro xeral do edificio administrativo da Xunta de Galicia de Lugo.

2. Enderezo: rolda da Muralla, 70-baixo.

3. Localidade e código postal: Lugo 27071.

d) Admisión de variantes: non.

e) Prazo durante o que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous meses contados desde a data de apertura das proposicións.

8. Apertura das ofertas.

a) Entidade: departamento territorial.

b) Enderezo: rolda da Muralla, 70-baixo.

c) Localidade: Lugo.

d) Data: oitavo día natural contado a partir do seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das ofertas.

e) Hora: ás 10.00 horas.

9. Gastos de publicidade: o importe deste anuncio será por conta dos adxudicatarios dos contratos.

10. Outras informacións: ver os pregos.

Lugo, 9 de outubro de 2009.

P.D. (Orde 19-8-2009)
Antonio Dacal López
Xefe territorial de Lugo

Edicto do 17 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Vigo, polo que se notifican diversas resolucións xestionadas neste departamento.

No uso das competencias atribuídas a este departamento territorial, e en virtude do disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao seren devoltas polo servizo de correos as notificacións enviadas no seu día coas resolucións ditadas nos procedementos instados polos interesados, publícase mediante este edicto, de conformidade co disposto no artigo 61 da mencionada lei, o contido das resolucións, contra as que poderá interperse recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á data desta publicación, conforme o disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No mesmo prazo sinalado no parágrafo anterior e de acordo co referido no artigo 61 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán comparecer persoalmente ou debidamente representados no Departamento Territorial de Traballo e Benestar de Vigo (rúa Concepción Arenal, nº 8-1ª), para os efectos do coñecemento do texto íntegro da resolución e do resto do expediente.

Vigo, 17 de setembro de 2009.

Mª Carmen Bianchi Valcarce
Xefa territorial de Vigo

ANEXO

| Apelidos e nome | DNI/NIE | Nº expte. | Resolución | Concello |
|------------------------------------|-----------|-------------|--------------|----------------------|
| Seijas Rodríguez, Francisco | 36015516T | 36045001209 | Concesión | Redondela |
| Blas Iglesias, Luis Alberto | X9918845A | 36057000409 | Concesión | Vigo |
| Comesaña Pérez, Rosa Mª | 35978977P | 36057050608 | Concesión | Vigo |
| Fernández Murillo, Fco. Javier | 05407580G | 36057033208 | Concesión | Vigo |
| Rivera Domínguez, Marcos | 36102152H | 36057007509 | Concesión | Vigo |
| Álvarez Anchía, Rebeca | 53176848C | 36057008409 | Concesión | Vigo |
| Pereiras Ramos, Marcelo Antonio | 39468262D | 36057007209 | Concesión | Vigo |
| Lago Ramilo, Jesús | 35986985N | 36033001808 | Concesión | Mos |
| González Pazos, Josefa | 35273316X | 36026000909 | Concesión | Marín |
| Gómez Freiría, Cristina | 36058865V | 36057001309 | Concesión | Vigo |
| Dos Anjos Conde, Adriano | 44490212R | 36039003708 | Renovación | O Porriño |
| Buscia S/S, Carlos Cosme | X0562476B | 36057032506 | Renovación | Vigo |
| Cioni S/S, Linda | X6888520C | 36025000408 | Renovación | A Lama |
| Domínguez Diéguez, Mª Begoña | 36114561F | 36057008103 | Renovación | Vigo |
| Mouloud Bouda, Sidemou | X5272950Q | 36041000609 | Renovación | Poio |
| Rial Rodríguez, Benigno | 76991636X | 36057005107 | Renovación | Vigo |
| Docampo Alejos, Gloria | 53171880C | 36057036407 | Renovación | Vigo |
| Álvarez Carballido, Mª José Cristo | 36022786W | 36057050707 | Renovación | Vigo |
| Pereira Zapata, Marta | 35480470A | 36060000398 | Renovación | Vilagarcía de Arousa |
| Montoya Montoya, Victoria | 33331650G | 36057053508 | Renovación | O Porriño |
| Ferreira Álvarez, Mª Luisa | 36160741A | 36057025507 | Reinício | Vigo |
| Iglesias Elu, Valentín | 35316181A | 36038000508 | Reinício | Pontevedra |
| Burlacu S/S, Virginia | X8693938F | 36057037208 | Modificación | Vigo |

| Apelidos e nome | DNI/NIE | Nº expte. | Resolución | Concello |
|--------------------------------------|-----------|-------------|---------------------|----------------------|
| Salgueiro Montes, Magdalena | 36106023W | 36057002305 | Modificación | Vigo |
| Ojeda Hernández, Juan Antonio | 36026878T | 36057032208 | Modificación | Vigo |
| González Barreiro, Manuel | 36104633S | 36057049308 | Modificación | Vigo |
| Fuentes S/S, Sonia Mabel | X9377444E | 36057052908 | Modificación | Vigo |
| Silva Silva, Jaime | 35473193V | 36060001404 | Modificación | Vilagarcía de Arousa |
| Francisco Blanco, Mª Ángeles | 36104747Z | 36057014305 | Modificación | Vigo |
| Montoya Montoya, Victoria | 33331650G | 36057053508 | Modificación | Vigo |
| Iglesias Otero, Rosa Mª | 36102867C | 36057039708 | Modificación | Vigo |
| Hortas Tizon, Javier | 36159034K | 36057045308 | Modificación | Vigo |
| Malkova S/S, Natalia | X4763198J | 36057027806 | Suspensión | Vigo |
| Bonilla S/S, Marjorie Johayd | X9049905A | 36057012708 | Suspensión | Vigo |
| Oliveira da Silva, Mª Manuela | X4886259R | 36034001707 | Suspensión | As Neves |
| Carrera Carrera, José Luis | 35788901G | 36030000505 | Recurso desestimado | Mondariz |
| Acha Paz, Manuel | 35446563K | 36060000505 | Extinción | Cambados |
| Alonso Queiros, Mª Isabel | 35544391F | 36042000102 | Extinción | Ponteareas |
| Arjones Alfaro, Adolfo | 76901754N | 36030000906 | Extinción | Mondariz |
| Del Campo Barreiro, Julio César | 36125006X | 36057007203 | Extinción | Vigo |
| Canales Jiménez, Mª Mercedes | 15957875S | 36057031902 | Extinción | Vigo |
| Conde Costa, Patricia | 36104547K | 36042000907 | Extinción | Ponteareas |
| Estener Danilow Marafigo, Samanta A. | X7780032Y | 36057048307 | Extinción | Vigo |
| Diz Rivera, Mª Luz | 77000795S | 36025000306 | Extinción | A Lama |
| Fernández Ferrero, José Domingo | 10852268V | 36060003107 | Extinción | Vilagarcía de Arousa |
| García Calleja, Soraya | 51997822C | 36057023807 | Extinción | Vigo |
| López Álvarez, Rafael | 35989182R | 36057024307 | Extinción | Vigo |
| Martínez Ripoll | 36062411K | 36057038207 | Extinción | Vigo |
| Mendoza Vigo, Rocio del Pilar | X5594294G | 36038001508 | Extinción | Pontevedra |
| Mohamed Salem, Fatma | 74960091D | 36057048505 | Extinción | Vigo |
| Oliveira Da Cunha Rebelo, Joao Paulo | 76971110T | 36057030006 | Extinción | Vigo |
| Payo González, Paloma | 52111331R | 36026002606 | Extinción | Marín |
| Pérez Pimentel, Rocio | 53173409P | 36033000608 | Extinción | Mos |
| Revollo Zurita, Giezy | X6975476J | 36057037107 | Extinción | Vigo |
| Rodríguez Montaña, Sergio | 34903297S | 36057005406 | Extinción | Vigo |
| Dos Santos Dastis, Paulo Roberto | X0151396X | 36057047403 | Extinción | Vigo |
| Sierra Lozano, Mónica | X3175133Y | 36057003506 | Extinción | Vigo |
| Estévez Portela, Mª Pilar | 53119700G | 36004000609 | Arquivo | Bueu |
| Alonso Pérez, Mª Flor | 35546172V | 36049000509 | Arquivo | Salceda de Caselas |
| Pérez González, Benito | 36077694D | 36057008509 | Denegación | Vigo |
| Alarcón Valladares, Jorge Antonio | Y0070531G | 36008001009 | Concesión | Cangas |
| Tellez Morales, Elsa Noemi | Y0379502Q | 36026001709 | Concesión | Marín |
| Martínez Matamoros, Jesús Francisco | 53189702V | 36057011609 | Concesión | Nigrán |
| Martínez Gómez, Leonor | 51422728H | 36025000309 | Concesión | A Lama |
| Machado Silva, José Manuel | X9813674B | 36057016409 | Concesión | Vigo |
| Kandi S/S, Hamidi Shaffi | A946911 | 36057048409 | Concesión | Vigo |
| Costales Rodríguez, Sandra Mª | 36107894X | 36045001609 | Concesión | Redondela |
| Castillo Quiñones, Nancy Edith | X7819739S | 36057009109 | Concesión | Vigo |
| Capa Castiñeiras, Carlos | 52496975G | 36026002109 | Concesión | Marín |
| Burlacu S/S, Virginia | X8693938F | 36057004009 | Concesión | Vigo |
| Andreoli S/S, Danilo Adrián | X8911612D | 36038005409 | Concesión | Pontevedra |
| Castillo S/S, Nolberto Esteba | X7951581K | 36057006109 | Concesión | Vigo |
| Recouso Miguens, Sandra | 35480671C | 36060002909 | Denegación | Vilagarcía de Arousa |
| Merlo Gonzales, Lidia | X8536677C | 36060004709 | Denegación | Vilagarcía de Arousa |
| González Pintos, Carlos | 44084934Y | 36027000309 | Denegación | Meaño |
| El Arfaoui, Ahmed Bensalim | 39486368Z | 36005001209 | Denegación | Soutomaior |
| Alonso Cañadas, Ainhoa | 53188797D | 36057056609 | Denegación | Vigo |
| Cañete Duarte, Fátima Araceli | 004635850 | 36057053108 | Arquivo | Vigo |

Edicto do 21 de setembro do 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se notifican diversas resolucións xestionadas neste departamento.

No uso das competencias atribuídas a este departamento territorial, e en virtude do disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao seren devoltas polo servizo de correos as notificacións enviadas no seu día, coas resolucións ditadas nos procedementos instados polos interesados, publícase mediante este edicto, de conformidade co disposto no artigo 61 da mencionada lei, o contido das resolucións, contra as que poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Consellería de Traballo e Benestar no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data desta publicación, conforme o disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No mesmo prazo sinalado no parágrafo anterior e de acordo co referido no artigo 61 da dita lei, poderán comparecer persoalmente ou debidamente representados, no Departamento Territorial de Traballo e Benestar da Coruña (rúa Enrique Mariñas, s/n-Matogrande), para os efectos do coñecemento do texto íntegro da resolución e do resto do expediente.

A Coruña, 21 de setembro de 2009.

Luis Álvarez Freijido
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

| Interesado/a | DNI/NIE | Nº expediente | Resolución | Concello |
|----------------------------------|------------|----------------|--------------|-----------|
| José da Silva Tavares | X2110122X | 15/030/0318/08 | Extinción | A Coruña |
| Francisco J.Ouviña Parada | 32767071-Y | 15/030/0280/03 | Extinción | A Coruña |
| María Isabel Iglesias Fama | 46904430-R | 15/030/0142/09 | Concesión | A Coruña |
| Alberto Caamaño Gómez | 32833160-Q | 15/030/0345/07 | Suspensión | A Coruña |
| José Amado Lorenzo | 76326927-R | 15/030/0128/09 | Concesión | A Coruña |
| Francisco J. Calvo Moral | 13153333-R | 15/030/0194/09 | Denegación | A Coruña |
| Amalia López Martínez | 46911942-S | 15/030/0192/09 | Denegación | A Coruña |
| Ángel Ignacio Gallastegui Flórez | 9775324-W | 15/030/0096/08 | Suspensión | A Coruña |
| Rafael Farigola Cruz | 50979953-Q | 15/030/0499/08 | Suspensión | A Coruña |
| Gumersindo Costa Mallo | 46917549-X | 15/030/0295/07 | Extinción | A Coruña |
| María Josefa Rey García | 32419188-K | 15/030/0037/03 | Renovación | A Coruña |
| Jemaa Farsi | X3200010C | 15/002/0020/09 | Concesión | Ames |
| Jemaa Farsi | X3200010C | 15/002/0066/08 | Denegación | Ames |
| María Antonia Villar Calo | 47370233-P | 15/002/0005/09 | Concesión | Ames |
| Sonia Castro Ramos | 76312680-Z | 15/002/0014/09 | Concesión | Ames |
| María Teresa Tato Fuentes | 33274641-N | 15/002/0021/09 | Concesión | Ames |
| María Mar Viejo Martínez | 32819283-P | 15/005/0064/07 | Renovación | Arteixo |
| María Rosa Gabeiras Pena | 32760978-P | 15/005/0050/07 | Extinción | Arteixo |
| Manuel Ces Castro | 52932846-W | 15/028/0003/09 | Arquivo | Corcubión |
| Gema Orgeira Nogueira | 53302817-H | 15/031/0017/06 | Modificación | Culleredo |
| Inés Pastoriza Muller | 54126366-Y | 15/047/0003/08 | Extinción | Curtis |
| Benito Manuel Pena Bayón | 32659379-T | 15/036/0022/04 | Renovación | Ferrol |
| Asmaa Said Alaoui | X8202889P | 15/036/0049/09 | Denegación | Ferrol |

| Interesado/a | DNI/NIE | Nº expediente | Resolución | Concello |
|---------------------------|------------|----------------|------------|------------------------|
| Julio César García Juncal | 52497439-P | 15/036/0023/09 | Concesión | Ferrol |
| David Pupín Martínez | 32698965-A | 15/054/0031/09 | Denegación | Narón |
| Belén Camacho Barrul | 32705750-A | 15/054/0051/04 | Extinción | Narón |
| Francis Mensah | X7338349S | 15/078/0021/09 | Denegación | Santiago de Compostela |
| Lucía Susana Lema Bastón | 32759112-M | 15/092/0010/08 | Arquivo | Vimianzo |

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 1 de setembro de 2009 pola que se fai pública a adxudicación do contrato de mantemento de ascensores e escaleiras mecánicas, mediante procedemento aberto, multicriterio e tramitación ordinaria.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación Administrativa.

c) Número de expediente: AB CHV1 09 018.

d) Enderezo da internet do perfil do contratante: www.sergas.es

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: servizos.

b) Descrición: servizo de mantemento de ascensores e escaleiras mecánicas.

c) CPV: 50750000-7.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: DOG, BOE, DOUE.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 30-4-2009, 29-4-2009, 11-4-2009.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto, multicriterio.

4. Orzamento base de licitación:

Importe neto: 745.920,92 €, IVE 16 %. Importe total: 865.268,27 euros.

5. Adxudicación:

a) Data: 27 de xullo de 2009.

b) Contratista: *Schindler, S.A.*

c) Importe de adxudicación:

Importe neto: 559.440,88 €, IVE 16 %. Importe total: 648.951,42 euros.

Vigo, 1 de setembro de 2009.

P.D. (art. 5º Orde 15-6-2009,
DOG nº 119, do 19 de xuño)
Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario
Universitario de Vigo

Resolución do 2 de setembro de 2009 pola que se fai pública a adxudicación do contrato da subministración sucesiva de ácido graxo hiperosixenado, mediante procedemento aberto, multicriterio e tramitación ordinaria.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación Administrativa.

c) Número de expediente: MS CHV1 09 026.

d) Enderezo da internet do perfil do contratante: www.sergas.es

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: subministracións.

b) Descrición: subministración sucesiva de ácido graxo hiperosixenado.

c) CPV: 33141110-4.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: DOG.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 2-4-2009.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación:

Importe neto: 64.766,52 €, IVE 7%. Importe total: 69.300,18 €.

5. Adxudicación:

a) Data: 15-6-2009.

b) Contratista: *Laboratorios Urgo, S.L.*

c) Importe de adxudicación:

Importe neto: 58.800 €, IVE 7%. Importe total: 62.916 €.

Vigo, 2 de setembro de 2009.

P.D. (art. 5º Orde 15-6-2009,
DOG nº 119, do 19 de xuño)
Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario
Universitario de Vigo

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA ESTRADA

Anuncio de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Vista a Orde do 5 de maio de 2006, ditada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e

Transportes (que denega a aprobación definitiva do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal redactado por *ADIU, S.L.*, que este concello lle remitira tras telo aprobado provisoriamente na súa sesión plenaria do 30 de xaneiro de 2006; ao mesmo tempo que determinaba a necesidade de completar/rectificar/xustificar extremos varios); visto o documento de referencia elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (comunicado por esta o 18 de abril de 2007, R.E. 5583); vistos os artigos 84 e ss. da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación coa Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación ambiental estratéxica de determinados plans e programas no ambiente; e, co artigo 5 e ss. da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; o Concello Pleno, en sesión extraordinaria do 17 de setembro de 2009, entre outros extremos, acordou:

Primeiro.-Tomar razón e prestar conformidade á tramitación do documento de texto corrixido á orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 5 de maio de 2006 do PXOM da Estrada para aprobación definitiva, incluíndo o informe de sustentabilidade ambiental (ISA). O documento está integrado por:

-Caixa I:

Tomo I. Memoria informativa.

Tomo IV. ISA.

Tomo V. Memoria urbanística (normativa).

-Caixa II: Tomo II. Memoria xustificativa (memorias+planos).

-Caixa III: Tomo III. Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional (planos I e II).

-Caixa IV: Tomo III. Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional (memorias+fichas).

Tomo VI. Estratexia de actuación e estudo económico.

-Caixa V: Tomo VII. Catálogo de bens e elementos que se van protexer.

Segundo.-Prestar aprobación ao informe de sustentabilidade ambiental (ISA) integrante do tomo IV, baseado no documento de referencia.

Terceiro.-Someter ao novo trámite de información pública e simultaneamente ás consultas exixidas polo número 8 do documento de referencia o PXOM corrixido e mais o ISA, durante o prazo de dous meses, computado a partir da publicación do correspondente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo da súa inserción, así mesmo, en dous diarios de gran difusión provincial, no taboleiro municipal de anuncios e edictos, e na páxina web do concello; e, con independencia da achega do devandito ISA á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para coñecemento e efectos.

Cuarto.-Ao mesmo tempo, outorgar, por igual prazo, trámite de audiencia aos municipios limítrofes: Teo, Cuntis, Silleda, Vedra, Pontecesures, Cerdedo, Boqueixón, Forcarei, Valga, Padrón e Campolameiro.

Quinto.-Igualmente, respecto do novo documento corrixido, e sen prexuízo da fase de consultas que se vai realizar tamén aos que se relacionan a seguir durante o prazo de referencia, solicitar informes sectoriais aos organismos afectados, e, en todo caso, aos seguintes, que deberán ser emitidos no prazo dun mes, agás determinación en contra da normativa sectorial de aplicación:

-Ministerio de Fomento (Demarcación de Estradas do Estado en Galicia).

-Ministerio de Fomento (Dirección Xeral de Aviación Civil).

-Ministerio de Fomento (Dirección Xeral de Ferrocarrís-XIF, Xestor de Infraestruturas Ferroviarias).

-Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información-Dirección Xeral de Telecomunicacións).

-Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda (artigo 189 da Lei 33/2003).

-Ministerio de Fomento-Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional (Servizo de Deslindes e Grandes Escalas).

-Dirección Xeral de Administración Local.

-Delegación do Goberno en Galicia.

-Consellería de Cultura e Turismo (Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra).

-Augas de Galicia.

-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Dirección Xeral de Obras Públicas; Servizo Provincial de Estradas).

-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental).

-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Habitabilidade).

-Consellería de Economía e Industria (Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas).

-Consellería do Medio Rural (Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural-Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias).

-Consellería do Medio Rural (Dirección Xeral de Montes).

-Consellería do Medio Rural (Dirección Xeral de Conservación da Natureza).

-Consellería de Sanidade.

-Consellería de Facenda.

-Deputación Provincial de Pontevedra (Servizo de Vías e Obras).

-Deputación Provincial de Pontevedra (Departamento de Facenda).

-Deputación Provincial da Coruña (deslinde interprovincial con Padrón-A Coruña).

Toda a documentación suxeita aos trámites de información pública, audiencia e consultas (nominais e non nominais-para calquera outra persoa física/xurídica comprendida como público interesado, segundo definición do artigo 10.2º da Lei 9/2006, do 28 de abril) poderá ser obxecto de exame e consulta durante o indicado prazo, na dependencia habilitada para o efecto no edificio do Teatro Municipal (r/ Serafín Pazo), de luns a venres (agás festivos/feirados), das 9.00 ás 14.00 horas.

A Estrada, 30 de setembro de 2009.

José Antonio Dono López
Alcalde-presidente

CONCELLO DE MIÑO

Anuncio de licitación.

a) Obxecto do contrato: xestión do servizo da escola infantil municipal A Ceboliña, na modalidade de concesión.

Código CPV: CPV 80110000-8. Descrición: servizos de ensino preescolar.

b) Procedemento: aberto con múltiples criterios de valoración.

c) Orzamento de licitación: o prezo estimado deste contrato, de conformidade co establecido no artigo 76.1º da Lei 30/2007, é de 81.773,90 €.

d) Aplicación orzamentaria. 2009.422.470.00.

e) Revisión de prezos: anual segundo a variación do IPC interanual, excluído o primeiro ano que é do 20% da execución do contrato, sen superar o 85% da variación referida.

f) Duración: 6 anos.

g) Lugar de entrega das proposicións: Rexistro Municipal. Casa do Concello de Miño, rúa Carreira, 38; 15630 Miño. Horario das 8.30 ás 14.00 horas. Teléfono: 981 89 20 06. Fax: 981 78 31 75.

h) Plazo de entrega de proposicións:

Presentación de ofertas: 15 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no DOG, BOP e perfil do contratante.

i) Mesa de contratación: si. Composición segundo o acordo do Pleno do 26 de abril de 2008.

j) Criterios de valoración: multiplicidade de criterios: oferta económica, ata 16 puntos; calidade do proxecto educativo: ata 14 puntos; calidade do proxecto de organización pedagóxica e educativa: ata 10 puntos.

k) Clasificación: non se exige.

l) Fianzas: non se exige fianza provisional. Definitiva: 5% prezo adxudicación, excluído IVE.

m) Informacións:

1. Información: Concello de Miño, rúa Carreira 38, 15630 Miño.

Teléfono: 981 78 20 06. Fax: 981 78 31 75.

2. Perfil do contratante: www.concellodemino.com

Miño, 14 de outubro de 2009.

Jesús Veiga Sabín
Alcalde accidental

CONCELLO DE MOAÑA

Anuncio.

O Pleno do concello, en sesión celebrada o día 1 de outubro de 2009, aprobou definitivamente o estudo de detalle do ámbito da unidade de xestión na rúa Ramón Cabanillas comprendido entre os números 118 e 124 do barrio da Praia, redactado polos arquitectos Rafael Nogueiras Mascarellas e Javier Amadeo Pena Garrido e visado o 7 de abril do presente ano.

En cumprimento do disposto no artigo 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, publícase este anuncio e remitírase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas copia autenticada do expediente e dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente, debidamente dilixenciados polo secretario do concello.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio.

O que se fai público, de acordo co sinalado no artigo 92.2º da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Moaña, 7 de outubro de 2009.

Xosé Manuel Millán Otero
Alcalde